

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO EN RÉXIME DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO APARCADOIRO SOTERRADO DA PRAZA DE PORTUGAL.

INDICE

1.OBXECTO DESTE PREGO

2.USO E DESTINO DO APARCADOIRO E ZONAS COMPLEMENTARIAS

3. A) PROXECTO BASICO DE REFORMA DO APARCADOIRO

B)PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REFORMA DO APARCADOIRO

4.COMPROBACIÓN DO REPLANTEO E EXECUCIÓN DAS OBRAS

5.ABANDONO DAS OBRAS

6.DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ENTREGAR O CONCESIONARIO AO CONCELLO AO REMATE DAS OBRAS

7.TERMINACIÓN DAS OBRAS. POSTA EN USO DO APARCADOIRO

8.INSPECCION DA EXPLOTACIÓN

9.CONDICIÓN TÉCNICAS DA EXPLOTACIÓN. USOS

10 MANTENEMENTO DAS INSTALACIÓNS



11.UTILIZACIÓN DO APARCADOIRO

12.MELLORAS NA EXPLOTACIÓN

ANEXO I. PLANOS DE DISTRIBUCIÓN DAS PRAZAS DO APARCADOIRO POR PLANTAS

ANEXO II. PLANO-CALLEXEIRO NO QUE FIGURA DELIMITADO O ÁMBITO TERRITORIAL NO QUE TEÑEN QUE ESTAR EMPADROADOS OS USUARIOS DO APARCADOIRO PARA PODER ACOLLERSE AO RÉXIME DE "ABONADOS RESIDENTES". (As edificacións que só estén en parte comprendidas dentro do ámbito, incluíranse na súa totalidade).



**CONCELLO
DE VIGO**

1. OBXECTO DESTA PREGO

De conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP) e o 68 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo, RXLCAP), o seu obxecto é establecer as prescricións técnicas particulares e definir as cualidades tanto de execución das obras como da prestación do servizo obxecto do contrato de xestión de servizo público de aparcadoiro sito baixo a Praza de Portugal, en réxime de concesión administrativa.

En canto á execución das obras, faranse conforme ao proxecto básico incluído na oferta que resulte adxudicataria, e o de execución unha vez aprobado polo organo de contratación .

En relación coa prestación do servizo, estarase ao previsto no Regulamento Xeral de Réxime Interior Regulador do Servizo Público do aparcadoiro soterrado sito na Praza de Portugal, aprobado polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo e publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 232 de 2 de decembro de 2011 e no proxecto de explotación presentado polo adxudicatario redactado en base ao anteproxecto aprobado polo Concello.

2. USO E DESTINO DO APARCADOIRO E ZONAS COMPLEMENTARIAS

O seu ámbito comprende o aparcadoiro soterrado actualmente existente baixo a Praza de Portugal de Vigo (achégase plano das súas plantas como Anexo I). O aparcamento consta de dúas plantas: con unha superficie total de 5.412,89 m² excluído o espazo de transformador coas seguintes características das plantas semisoto, ou planta 1 cunha superficie útil total de 2.627,87 m² (excluídos 109 m² utilizados por un transformador propiedade de Fenosa); e sótano, ou planta 2 cunha superficie útil total de 2.875,02 m² dos cales unha superficie de 510,00 m² corresponde a un uso terciario xa existente y o resto 2.365,02 m² corresponden a uso de aparcamento incluídos os espazos auxiliares de almacéns, aseos, ventilación etc.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 2 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

No referido ámbito non se inclúe a praza pública sita sobre o aparcadoiro, nin o local anexo ocupado na actualidade por “Gas Natural-Fenosa”.

O número total de prazas adicadas a vehículos automóbiles é de 179 prazas, das cales 6, como mínimo, estarán reservadas para minusválidos, que deberán estar sempre preto das saídas peonís e 5 para vehículos híbridos ou eléctricos con dispositivo de carga, de acordo coa Instrucción técnica completaria (ITC BT-52) publicada no BOE de data 31/12/2014. O número de prazas para motocicletas será de 27. Contarán todas elas coas dimensións que aparecen reflectidas nos planos anexos a este prego.

Dentro das prazas destinadas a aparcadoiro de automóbiles e motocicletas, un 20% de cada unha delas como mínimo, reservaranse para aboados residentes, nas condicións establecidas no regulamento do servizo. Estas prazas poderán ser ofertadas temporalmente en rotación cando non exista demanda para as mesmas.

O resto ofreceranse ao público en xeral en réxime de rotación ou abono, segundo determine o concesionario.

Os licitadores poderán propoñer unha configuración e ordenación do aparcadoiro distinta da que figura no Anexo I deste prego, sempre que se adapte á normativa urbanística vixente.

Se a distribución das prazas proposta polo licitador non se axustara á normativa urbanística vixente, o adxudicatario deberá modificala para adaptala á mesma ou suxeitarse á prevista no Anexo I deste prego.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 3 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

3. PROXECTOS DE REFORMA DO APARCADOIRO

A) proxecto basico

No proxecto básico os licitadores incluírán, no seu caso, aqueles aspectos de adecuación sobre o anteprojecto de acordo cos requisitos requiridos no prego de condicións administrativas particulares, así como calquera reordenación da configuración do aparcadoiro distinta da que figura no Anexo I deste prego, debendo de preveer en dita documentación o cumprimento da normativa que no momento da presentación sexa de aplicación .

A documentación que deberá incluírse no proxecto básico de reforma e remodelación do aparcadoiro, será a seguinte:

a).- Memoria.

Consistirá nunha memoria descritiva das obras, instalacións e servizos que incluírá o plan de obra do aparcadoiro, xustificará o cumprimento da normativa aplicable e incluírá as solucións propostas e a nova configuración do aparcadoiro, se se pretendere variar a incluída no Anexo I deste prego.

O Plan de obra incluírá o prazo de execución da totalidade das obras e un cronograma de actuación por capítulos de obra. Deben indicarse as datas previstas para o inicio das obras, final das obras e posta en funcionamento; detallando, no seu caso, a execución por fases de obra e a estimación do número de días de duración da obra en cada fase. Para o caso de que o contratista considere que finalizada unha fase de obra é posible o inicio parcial da actividade, na parte do aparcadoiro onde se teñan rematado as obras, deberá acreditarlo e solicitar a licenza parcial de actividade.

b).- Documentación gráfica



Incluírá planos acoutados a escala axeitada das plantas, alzados e seccións, coa completa definición das actuacións proxectadas.

Tamén, un plano coa descrición pormenorizada das fases de obra segundo o Plan de Obra achegado.

c).- Presuposto

Consistirá nun presuposto de execución material detallado por capítulos; un presuposto base de execución e un presuposto de contrata incluíndo o IVE.



**CONCELLO
DE VIGO****B) proxecto de execución**

Constará dun proxecto de execución que deberá desenvolver o proxecto básico e ser coherente coa memoria incluída no plan de xestión presentado na súa oferta polo adxudicatario. Debera presentalo o adxudicatario no prazo máximo de dous meses contados dende a sinatura do contrato.

O proxecto deberá axustarse ao previsto no prego de prescricións técnicas, o prego de condicións administrativas particulares e demais normativa vixente no momento da presentación, o Real Decreto 314/2006 de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, e a Lei 10/2014 de accesibilidade en vigor .

En caso de que non contaran con visado colexial, deberá figurar como anexo aos mesmos unha declaración responsable do técnico proxectista.

O proxecto de execución incluírá todos os criterios propostos no proxecto básico ofertados de acordo cos requisitos requiridos no PCAP e que conforman a oferta do adxudicatario, que tiveran sido aceptados polo órgano de contratación, cos valores que para cada unha delas se estableza.

A aprobación do proxecto definitivo de execución da obra, non suporá a aceptación dos seus cálculos nin a validación das solucións propostas nos mesmos que sempre será responsabilidade exclusiva do proxectista, senón, mero control formal e documental do seu contido.

O concesionario será responsable dos danos, erros e omisións derivados dos datos incluídos no proxecto .

Se o Concello a través dos seus servizos técnicos detectara defectos formais no proxecto de execución de obra, requirirá ao concesionario para a súa corrección, sen que poda iniciarse a execución das obras ata que se subsanen os mesmos e a corrección sexa aprobada polo órgano de contratación.

A documentación que deberá incluírse no proxecto de execución, será a seguinte:

a).- Memoria do proxecto de execución

A memoria do proxecto de execución deberá conter a totalidade da documentación presentada na Memoria de desenvolvementos. A



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 5 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

documentación deberá incluír as correccións que se indique polos servizos técnicos municipais e as solucións aceptadas polo órgano de contratación coa valoración que se lle asignou a cada unha delas.

A memoria incluírá como mínimo a seguinte documentación:

- Memoria descritiva das obras, instalacións e servizos. Con cadros de superficies e cómputo do número de prazas resultantes por cada tipo.
- Xustificación do cumprimento da normativa urbanística de aplicación.
- Memoria construtiva.
- Memoria xustificativa relativa ao uso específico de aparcadoiro describindo con detalle a súa funcionalidade, circulacións interior e exterior, sinalización e sistema de control.
- Memoria das instalacións de electricidade, saneamento, abastecemento de auga, ventilación, climatización detección, extinción de incendios e protección acustica
- Plan de obra e cronograma con estimación de prazos e fases, no seu caso, por capítulos de obra.
- Plan ou, no seu caso, estudo de Seguridade e Saúde, adaptado ao previsto no RD 1627/1997.
- Plan de Control de Calidade, adaptado ao previsto no D. 232/1993.
- Estudo de Xestión de Residuos
- Xustificará o cumprimento da lei 10/2014 de accesibilidade así como o seu regulamento
- Xustificación do cumprimento da demais normativa de aplicación.
- Prego de condicións técnicas
- Documento xustificativo da declaración de obra completa segundo o artigo 125 e 127 do TRLCSP.

b).-Documentación gráfica

- Plano de situación sobre a cartografía oficial do PXOM a escala 1:2000
- Planos acoutados das plantas, alzados e seccións a escala 1:200 para a completa definición das actuacións proxectadas.
- Planos de acabados



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 6 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

- Planos que recollan o establecido no Plan de Obra en canto ás fases de execución e a súa incidencia no tráfico de vehículos e afección ás prazas dispoñibles.
- Seccións e detalles construtivos de tódolos elementos necesarios para unha correcta comprensión e execución do proxecto.
- Planos de tódalas instalacións incluíndo cada unha das plantas separadas por niveis, con cotas, detalles, dimensións, diámetros de condutos e, en xeral, con tódalas definicións precisas para a súa correcta execución. En particular quedarán detalladas as bancadas de máquinas que sexa preciso dispoñer e a súa conexión coa estrutura. Así mesmo, deberán figurar uns esquemas de comunicación vertical das instalacións, con indicación da súa posición relativa fronte ós elementos da estrutura ou fronte ós elementos de distribución interior. A totalidade de elementos quedará definida mediante un código que exprese claramente as características das máquinas e as características das conducións co seu illamento ou protección, así como os aparatos e mecanismos. En cada plano deberá figurar un cadro especificando as características máis sobresaíntes da correspondente instalación e os seus condutos.

c).- Medicións e presuposto

Acompañaranse os documentos de medicións e presupostos de acordo coas previsións que a continuación se indican:

- **Medicións.** As medicións realizaranse sobre as instalacións existentes. Cada unidade de obra estará composta polos apartados que se considere precisos para defini-las partes que a integran. En xeral recoméndase que se utilice unha referencia ao plano ao que corresponde a medición da unidade e incluso dentro de cada plano unha anotación específica do elemento medido. As medicións estableceranse por capítulos constituídos por unidades homoxéneas e de acordo cunha orde lóxica, segundo proceso de execución. As unidades a utilizar na realización das medicións serán principalmente:

lonxitude:..... m
 volume:..... m³
 superficie:..... m²
 peso:..... kg



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 7 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

Unidades singulares.....nº

•Cadros de prezos:

Un cadro de prezos nº 1, no que figure o custo de execución material de cada unidade de obra. A cada unidade se lle asignará un número de orde de acordo co apuntado nas medicións. Neste cadro de prezos deberán incluírse os seguintes datos:

- Descrición detallada da unidade de acordo coa definición adoptada no prego e medicións.
- Prezo en número asignado a cada unidade en euros.
- Prezo en letra asignado a cada unidade.
- Número de orde de cada unidade.

O cadro deberá incluír as correspondentes partidas.

4. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO E EXECUCIÓN DAS OBRAS1.- Comprobación do replánteo

Trala aprobación do proxecto e no prazo que se sinale no documento de formalización do contrato e, en todo caso, dentro do prazo de quince días dende a data da aprobación do proxecto, procederase á comprobación do replánteo; acto no que intervirán o director da obra, o responsable do contrato ou calquera facultativo designado polo Concello e o representante do concesionario. Do mesmo levantarase acta que será asinada polos intervinientes.

A acta recollerá o previsto no artigo 140 do RXLCAP e, en concreto, a autorización para o inicio das obras, quedando notificado o concesionario polo mero feito de subscribila.

2.- Inicio das obras

As obras iniciaranse ao día seguinte da sinatura da acta de comprobación de replánteo e durarán cinco meses como máximo.

3.- Execución das obras

O contratista contará durante a execución da obra con toda a documentación e autorizacións esixidas por este prego, polo prego de cláusulas administrativas



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 8 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

particulares e polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

Durante a realización das obras e instalacións non se permitirán outras interrupcións, restricións ou molestias ao tránsito de vehículos e peóns e aos accesos de edificios, que as que figuren incluídas na oferta do concesionario, na que deberán consignarse con toda precisión e claridade no que afecta a súa clase, alcance e duración. O concesionario está obrigado a garantir o normal funcionamento dos servizos públicos afectados polas obras. Cando sexa imprescindible algunha interrupción prevista neste prego ou na oferta do contratista, este solicitará previamente autorización ao Concello, que fixará o alcance e duración daquela.

As obras e instalacións se axustarán exactamente ao proxecto de execución aprobado e ás condicións dos Pregos. Calquera modificación derivada de circunstancias imprevistas no momento da redacción da documentación contractual, deberá ser autorizada previamente polo órgano de contratación.

Durante a execución adoptaranse as medidas correctoras de protección acústica reflexadas na ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións que se sinalan no art. 25 publicada no BOP de data 10 de abril de 2008.

As obras e as instalacións executaranse de acordo coa normativa técnica de aplicación e non poderán iniciarse nin executarse sen a previa autorización da dirección facultativa da obra, sendo obrigatoria a presenza a pé de obra dun técnico cualificado durante a execución das mesmas. Tamén con estricte suxeición ao proxecto técnico aprobado e ás modificacións que, propostas polo contratista de forma xustificada, foran aceptadas polo Concello. Para estas modificacións estarase no previsto nos arts. 158 al 162 do R.G.C.A.P.

4.- Control de calidade

O control de calidade das obras e instalacións será responsabilidade do contratista e será realizado por empresas de control de calidade debidamente homologadas e de acordo á normativa vixente en canto ao tipo e número de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 9 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

ensaios a realizar. A empresa de control de calidade, unha vez aceptada polo Concello, elaborará un Plan de Ensaio, Análise de Materiais e Execución de Obras. Os resultados dos diferentes ensaios e controis facilitaranse ao mesmo tempo aos Servizos Técnicos do Concello, á dirección facultativa e ao contratista. Si se producisen incidencias ou anomalías na execución das obras ou no subministro de materiais que requiran ensaios extraordinarios, tamén serán a cargo do contratista.

O contratista deberá designar un equipo para o control de calidade durante a execución das obras, que deberá contar coa conformidade dos Servizos Técnicos do Concello.

5.- Dirección facultativa das obras.

Correspóndelle ao contratista a designación dos técnicos adscritos á dirección facultativa, integrada polo director de obra, o director de execución da obra, se fora preciso, e o coordinador de seguridade e saúde. A dirección facultativa deberá recaer en facultativos competentes que serán contratados polo concesionario. Todos os gastos e custos que se deriven da mesma correrán por conta do concesionario.

Antes do comezo das obras o contratista comunicará por escrito ao Concello o nome dos técnicos que integran a dirección facultativa, acompañada da conformidade dos mesmos.

6.- Plan de seguridade e saúde, programa de traballo e relacións valoradas

a).- Plan de seguridade e saúde.

En aplicación do estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, do estudo básico, segundo proceda, de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, o contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen das previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

O plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado polo órgano de contratación, antes do inicio da obra, co previo informe do coordinador en



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 10 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, ou do director, no seu caso.

b).- Programa de traballo.

O concesionario, no prazo máximo de quince días contados dende á aprobación do proxecto, someterá á aprobación do órgano de contratación o programa de traballo, no que deberán incluírse os datos esixidos no artigo 144 do RXLCAP.

O órgano de contratación resolverá sobre o mesmo dentro dos quince días seguintes a súa presentación, podendo impoñer a introdución de modificacións ou o cumprimento de determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

c).- Relaciones valoradas.

O Concello, para o caso de que o estime necesario, poderá comprobar a través do responsable do contrato ou dos seus servizos técnicos, que o ritmo de construción das obras axústase ao programa de traballo, solicitando ao concesionario unha relación valorada a orixe das unidades de obra executadas, no período no que se lle indique.

7.- Vixilancia, control e inspección das obras

a).-Os Servizos Técnicos do Concello, vixiarán e controlarán a execución das obras e instalacións que poidan ou deban realizarse, a través das correspondentes inspeccións. A inspección das obras será realizada polo persoal técnico que designe o Concello e que figura na acta de comprobación do replánteo. Con independencia da actuación do persoal facultativo designado polo adxudicatario, as obras estarán, en todo momento sometidas á fiscalización técnica e ao control do seu desenvolvemento por parte do Servizo Municipal de Mobilidade.

b).-A efectos da vixilancia, control e inspección das obras deberán terse en conta as seguintes previsións:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 11 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

1ª.- O Adxudicatario presentará ao Concello o correspondente Plan de Seguridade e Saúde aprobado, antes do inicio das obras.

2ª.- O Concello poderá ditar instrucións de obrigado cumprimento polo Adxudicatario.

3ª.- Así mesmo o Concello a través do responsable do contrato poderá designar delegados ou inspectores con facultades de vixilancia e acceso ás instalacións.

4ª.- Os Servizos Técnicos do Concello poderán esixir a realización de análises, ensaios, probas e controis das obras e instalacións. Estes serán realizados por empresas homologadas e o seu custo correrá por conta do adxudicatario.

5ª.- Con independencia do Control de Calidade citado no parágrafo anterior, realizaranse as probas de carga e funcionamento que estimen os Servizos Técnicos do Concello. Estes serán realizados por empresas homologadas e o seu custo correrá tamén por conta do adxudicatario.

c).- Se o adxudicatario contratase a execución das obras cun terceiro, cumprindo as condicións dos pregos, fará constar no contrato a necesidade de que o contratista cumpra as previsións sobre vixilancia, control e inspección das obras por parte do Concello a través dos seus servizos técnicos, establecidas no presente prego.

d).- Se algunha obra ou instalación, ou parte destas, non se executase de conformidade cos Proxectos ou nas debidas condicións técnicas, os Servizos Técnicos do Concello poderán ordenar a súa demolición ou o levantamento da instalación e a súa nova execución con cargo ao Adxudicatario

5. ABANDONO DAS OBRAS

Se durante o período de construción o concesionario abandona a realización das obras obxecto do proxecto, será obrigado a deixar o aparcadoiro nas condicións en que se encontraba ao comezo dos traballos, sen dereito ningún a indemnización ou compensación pola parte de obras xa realizadas.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 12 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

6. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ENTREGAR O CONCESIONARIO AO CONCELLO AO REMATE DAS OBRAS

Unha vez finalizadas as obras, o concesionario achegará aos Servizos Técnicos do Concello O Libro do Edificio de acordo coas determinacións que sinala o art.7 da Lei do Ordenación da Edificación (LOE) Ley 38/1999 publicado no BOE de data 6/11/99, que estará acompañará coa seguinte documentación:

a).- Certificación da dirección facultativa acreditativa de que as obras e instalacións executáronse de conformidade cos proxectos aprobados, e que reúnen as condicións para a súa poste en funcionamento.

b).- Proxecto de liquidación, en arquivo informatizado segundo formato indicado polos Servizos Técnicos de Concello, expresivo da definición detallada das obras e instalacións executadas, así como dos seus custos e presupostos. Deberá estar constituído polo proxecto orixinal ao que se lle terá incorporado todos os cambios e modificacións aprobadas durante a execución da obra. Entenderase como un documento único, que conterá os documentos que definan a obra realmente executada e polo tanto poida servir para que nun futuro os encargados de levar a cabo o mantemento e explotación do aparcadoiro teñan elementos de xuízo suficientes para tomar as decisións. Consistirá nunha memoria redactada pola dirección facultativa da obra e describirá o proceso de construción, con especial consideración dos motivos que, no seu caso, levaron á toma de decisións sobre cambios en relación co proxecto inicial aprobado, á que se acompañarán os seguintes anexos:

- Estrutura: describiranse con detalle as hipóteses de cálculo da estrutura, así como as sobrecargas para as que se fixo o cálculo. Así mesmo describirase con detalle o estado de cargas en que queda a estrutura.

- Instalacións (un anexo para cada unha): Describirase, igualmente a hipótese de cálculo, e achegarse unha copia do informe das probas de cada unha delas co correspondente comentario do director facultativo.

- Manual de mantemento (das instalacións): describirase o mantemento que de forma preventiva deba efectuarse de todas e cada unha das instalacións de





Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2015 10:42 Páxina 13 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

acordo á normativa que lle corresponda. Incluirase unha previsión económica do custo do mantemento, incluído a capitalización correspondente para a reposición dos elementos de acordo coa vida media estimada destes segundo o fabricante. Igualmente incluirase copia da documentación técnica subministrada polo fabricante dos elementos comúns tales como motores, bombas de achique, detectores de incendios e CO, extintores, mangueras, luminarias, portas, ascensores, etc.

- Planos: deberán achegarse os planos das obras, donde se describirá co maior detalle posible a obra executada, que servirán para conservar e manter o inmovible e as súas instalacións. Deberán incluírse planos de situación; planos de definición da urbanización da praza que se vexa afectada coas obras, describindo realmente a obra executada, con especial énfase aos servizos de titularidade municipal (alumeado, saneamento, rede de rego e hidrantes, etc.); arquitectura do edificio, plantas, seccións, detalles de cuartos, escaleiras e detalles construtivos; de definición de prazas con detalle de dimensións de cada unha, superficies, anchos de corredores e coeficientes de participación; planos de instalacións, con descrición de circuítos, esquemas unifilares, etc, recollendo a obra realmente executada co maior detalle posible, con reformulación detallada dos elementos ocultos, con seccións; etc.

- Anexos de documentación: achegarase unha copia dos pregos e anexos do mesmo que serviron de base para a licitación, así como copia de documentos complementarios tales como acordo de adxudicación, aprobación de deseño funcional e do proxecto de construción e copia da acta de replánteo.

- Valoración: substitúe ao presuposto de proxecto coa valoración por capítulos da obra realmente executada, incluíndo medicións da mesma.

c).- Proxecto de actividade, que recolla a totalidade das instalacións, coa medidas correctoras esixibles pola normativa de aplicación

d).- Documentación correspondente ao control de calidade, incluíndo unha copia do plan de control de calidade da obra, resultado de ensaios realizados (incluíndo os de contrastes), etc.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 14 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

e).- Plan de emerxencia debidamente aprobado.

f).- Plan de explotación, recollendo as actividades de mantemento previstas coa súa periodicidade, incluíndo a substitución de maquinaria e equipos.

Achegada a anterior documentación, acompañada da preceptiva solicitude, e tralos trámites e informes técnicos pertinentes, o Concello aprobará o final da obra e autorizará a apertura e posta en funcionamento do aparcadoiro.

7. TERMINACIÓN DAS OBRAS. POSTA EN USO DO APARCADOIRO

Ao remate das obras procederase a levantar unha acta de comprobación por parte do Concello, que deberá ser asinada polos concorrentes ao acto: o responsable do contrato, ou un facultativo designado polo Concello na súa representación; o director da obra e o representante do concesionario.

Con carácter previo ao outorgamento da acta de comprobación, o concesionario deberá contar coa correspondente licenza que autorice o exercicio da actividade.

Cando as obras non se atopen en correcto estado, farase constar así na acta, outorgándose un prazo ao concesionario para subsanar os defectos observados e impartíndolle as instrucións precisas para isto, transcorrido o cal levarase a efecto unha nova comprobación.

Se o concesionario non tivera subsanado no prazo os defectos, o Concello poderá conceder un novo prazo improrrogable ou, atendendo a escasa importancia dos mesmos, acordar que se proceda a levantar a referida acta, sen prexuízo das penalidades e/ou indemnizacións de danos e prexuízos a que poda dar lugar mediante a tramitación do correspondente procedemento contradictorio, nos termos previstos no artigo 97 do RXLCAP, ou resolver o contrato.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 15 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

8. INSPECCION DA EXPLOTACIÓN

O concesionario obrígase á conservación, mantemento, reparación ou reposición de todas as obras e instalacións vinculadas á concesión debendo prever nos seus custos de mantemento e conservación os correspondentes a unha vixilancia permanente a súa costa.

Anualmente, será preceptiva a inspección das instalacións por técnico competente que emitirá informe do estado en que se atopan, que será remitido aos Servizos Técnicos do Concello, a través do responsable do contrato.

O concesionario estará obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos do Concello, tamén a través do responsable do contrato, calquera anomalía que se produza na explotación e, en xeral, calquera circunstancia que poda provocar o deterioro do inmovible.

Durante a execución do contrato o concesionario deberá permitir que en calquera momento o Concello, a través do persoal que designe, poda inspeccionar a explotación e conservación do aparcadoiro.

O Concello, a través dos seus Servizos Técnicos, inspeccionará a explotación e conservación do aparcadoiro, especialmente no último ano previo á finalización da concesión, momento no que as instalacións reverterán ao Concello en perfectas condicións de uso.

O persoal inspector irá debidamente identificado e levantarase unha acta da inspección efectuada segundo modelo aprobado polo Concello.

Durante o período concesional do aparcadoiro, o concesionario estará obrigado a facilitar ao Concello, na forma que este determine, cantos datos sexan solicitados sobre o uso e explotación do aparcadoiro.

9. CONDICIONS TÉCNICAS DA EXPLOTACIÓN. USOS

1.- Caixeiros



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 16 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

O aparcadoiro manterá, polo menos, un recinto destinado a caixa, atendido por persoal do aparcadoiro durante as vinte e catro (24) horas do día e durante todos os días do ano. Dispoñeranse polo menos un caixeiro de cobramento automático en cada planta do aparcadoiro, en zonas onde non interfiran co tráfico de vehículos e persoas, e sexan visibles, de doado acceso e estean protexidos. Ademais deberá colocarse sinalización na que se reflecta claramente cal é o súa situación.

2.- Publicidade no interior do aparcadoiro.

A instalación de paneis de publicidade estática no interior do aparcadoiro requirirá a previa e necesaria autorización do Concello, quen, se é o caso, determinará o tamaño, situación e número destes así como as condicións económicas da súa explotación. En ningún caso se instalarán paneis de publicidade estática nas ramplas e escaleiras de acceso ao aparcadoiro, que poidan ser vistos dende o exterior do aparcadoiro.

3.- Locais comerciais

Os locais comerciais anexos ao aparcadoiro e incluídos no contrato deberán manter os usos existentes ou cambialos por outros previstos no Plan Xeral de Ordenación Municipal e non poderán iniciar a súa actividade sen contar coa preceptiva licenza municipal de instalación.

Se nos mesmos se fixeran obras, estas deberán ser autorizadas polo Concello e pasarán a ser titularidade do mesmo cando remate a concesión, sen dereito a indemnización algunha ao contratista polas mesmas.

4.- Réxime de circulación e estacionamento

O Concello de Vigo poderá modificar libremente o réxime de circulación e de aparcamento no entorno do aparcadoiro sen que o concesionario teña dereito a reclamación algunha. Esta facultade municipal haberá de facerse de xeito que non quede impedida a libre e permanente entrada e saída de vehículos ao aparcamento. Cando por necesidade de ordenación do tráfico ou por outras



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 17 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

causas de interese xeral deba quedar pechado o acceso ao aparcadoiro deixándoo temporalmente fóra de servizo, o concesionario non poderá reclamar indemnización algunha. A duración do peche será a mínima necesaria para acadar a finalidade a que responda.

10. MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

A conservación das construcións e instalacións, así como o mantemento en constante e perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene, correrán mentres dure a concesión, a cargo do concesionario, que deberá efectuar a súa costa, as reparacións e traballos entretemento necesarios, calquera que sexa a súa causa e alcance. Será obriga do adxudicatario manter as infraestruturas e instalacións en axeitadas condicións de uso público. Dita obriga extendese a todos os elementos exteriores (pasarelas, terrazas, entradas e saídas de público, etc.), exceptuando a praza pública situada sobre o aparcadoiro cuxo mantemento e conservación é competencia do Concello (que será responsable asimismo dos posibles desperfectos causados no aparcamento por unha conservación non axeitada da praza), e o local que actualmente utiliza Gas Natural-Unión Fenosa, por non formar parte do obxecto da concesión.

Do mesmo xeito, o concesionario comprométese a realizar a súa costa calquera adaptación dos seus sistemas, instalacións, sinalización ou calquera outro elemento da explotación que sexa esixible por calquera norma de obrigado cumprimento durante o tempo de vixencia da concesión, especialmente aquelas referidas especificamente aos aparcadoiros públicos.

Serán polo tanto, de conta do concesionario os gastos seguintes:

- a) Conservación e mantemento das construcións, do material e das instalacións.
- b) A súa reparación.
- c) Subministración de auga, enerxía eléctrica, teléfono e gas, se é o caso.
- d) Evacuación de lixos e augas residuais.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 18 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

e) Limpeza diaria das instalacións, moi especialmente referido aos accesos públicos e aos elementos exteriores.

f).- Vixilancia das instalacións.

Todas as tarefas a realizar incluíndo a súa descrición así como a periodicidade con que deben ser realizadas cada unha delas, serán incluídas no programa de conservación, mantemento e reparación que o contratista presentará xunto coa restante documentación esixida para participar na licitación.

11- UTILIZACION DO APARCADOIRO

1.- Para poder acceder un usuario en réxime de rotación ao recinto do aparcadoiro polo acceso correspondente, o sistema de control establecido polo concesionario deberá reflectir na súa sinalización a palabra LIBRE que, igualmente, deberá estar conectada ao panel indicador de aparcadoiro (P) situado nas inmediacións dos accesos. O sistema de control de aparcadoiro deberá estar conectado a un sistema de sinalización orientativa sobre o estado de ocupación dos aparcadoiros públicos do Concello de Vigo, se este último estivera instalado. Unha vez cuberta a capacidade de prazas do aparcadoiro, os sistemas sinalizarán todos os seus elementos coa palabra COMPLETO e ningún vehículo en réxime de rotación poderá acceder ao interior do aparcadoiro baixo responsabilidade, se é o caso, do concesionario.

Os usuarios aboados accederán ao aparcadoiro utilizando a súa tarxeta identificativa.

2. Aparcadoiro dos Usuarios.

Calquera usuario que acceda ao interior do aparcadoiro estacionará o seu vehículo do xeito previsto no regulamento do servizo e, de non facelo así, incorrerá nas responsabilidades que no mesmo se establecen.

Así mesmo, calquera dano causado por un usuario ou o seu vehículo a outro, ou ás dependencias e instalacións do aparcadoiro, deberá ser comunicado de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 19 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

inmediato ao concesionario, sendo en todo caso responsable dos danos e prexuízos ocasionados o referido usuario.

3.- Servizos hixiénicos.

Dende o punto de vista sanitario, o concesionario deberá manter estas instalacións en correcto estado de conservación, limpeza e desinfección, podendo autorizárselle o seu peche, para garantir os devanditos extremos, polo que calquera usuario que queira entrar neles deberá solicitar, previamente, a correspondente chave na cabina de control. Así mesmo, tamén poderá autorizarse a instalación de fechos nas portas de acceso que unicamente permitirán a súa apertura mediante a introdución da correspondente moeda ou ficha, segundo o caso. A utilización dos mesmos será gratuíta.

4.- Sinalización.

Os Servizos Técnicos do Concello establecerán os criterios para a definición da sinalización horizontal e vertical tanto interior como exterior, que deberán ser adoptados de inmediato polo concesionario.

5.- Peche de accesos peonís e de vehículos.

Poderá autorizarse, por medidas de seguridade, o peche dos accesos peonís e de vehículos, debendo poder utilizarse os peonís como saídas de emerxencia.

O horario de peche e as condicións deste, serán fixados polo Concello a proposta do concesionario e deberán estar debidamente anunciados.

12.- MELLORAS NA EXPLOTACIÓN

O Concello, a través do responsable do contrato ou dos seus servizos técnicos, poderá propoñer ao concesionario a introdución de melloras na explotación do aparcadoiro que non supoñan alteración do equilibrio económico-financeiro da concesión. As devanditas melloras, que poderán consistir en cambio de sinalización, cambio de sentido de circulación interior, etc., estarán



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 20 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO
DE VIGO**



debidamente razoadas e xustificadas, sendo de obrigado cumprimento para o contratista, sen prexuízo dos recursos que procedan.

Vigo, 8 de xullo de 2015

O enxeñeiro de edificación da Xerencia de Urbanismo

Aurelio Adán Fernández



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 21 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO
DE VIGO**



ANEXO I.- PLANOS DE DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS DE APARCADOIRO POR PLANTAS.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 22 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO




CONCELLO DE VIGO
 PLAZA DE SANTIAGO, 100
 36201 VIGO (P.O. 36201)
 T. 981 130000 - F. 981 130001
 www.vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 23 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO




CONCELLO DE VIGO
 PLAZA MARIA VICTORIA, 1
 36204 VIGO (P.O. BOX 1000)
 GALICIA (N. SPAIN)

ANTERROXO DE APROBACION E ADOPTACION DO PLAN DE ORDENAMENTO MUNICIPAL DE VIGO
 ANEXO 1. PLAN DE ORDENAMENTO MUNICIPAL DE VIGO



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 24 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



CONCELLO DE VIGO
 XUNTA DE GOBERNO LOCAL
 XERARCA MUNICIPAL DE IBERIA
 CALLE XERARCA 100
 36201 VIGO (P.O. 36201)
 T. 981 12 10 00
 F. 981 12 10 01
 www.vigo.org



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo


Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 25 de 32

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24



CONCELLO DE VIGO
 PLAN DE GOBERNO LOCAL
 XUNTA DE GOBERNO LOCAL
 XUNTA DE GOBERNO LOCAL
 XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SUPERFICIES ÚTILES	
1. ANEJO DE PARQUEAMENTO	258,00 m ²
2. CONTROL	18,69 m ²
3. ASESORÍA PROJECCIÓN	21,99 m ²
4. SERVIDOR	10,00 m ²
5. SALA DE REUNION	6,87 m ²
6. SALA DE REUNION	6,87 m ²
7. PLANIFICACIÓN VENTILACIÓN	17,70 m ²
8. ADEUSAMENTO	
9. VONDA EXTERNA EXTERNA (147,28 m ²)	
10. VONDA EXTERNA EXTERNA (200,00 m ²)	
SUPERFICIE ÚTIL TOTAL	407,57 m²

SUPERFICIE ÚTIL TOTAL	407,57 m ²
SUPERFICIE ÚTIL TOTAL	217,00 m ²
SUPERFICIE ÚTIL TOTAL	190,57 m ²

TRANSPORTE	
TRANSPORTE	16,00 m ²
TRANSPORTE	16,00 m ²
TRANSPORTE	16,00 m ²



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 26 de 32


Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO




CONCELLO DE VIGO
 PLAN DE PROPOSTA
 XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE VIGO
 DEPARTAMENTO DE PROPOSTAS E ACOMPAÑAMENTO DO
 DEPARTAMENTO DE PROPOSTAS E ACOMPAÑAMENTO DO



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 30 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO
DE VIGO**



**ANEXO II.- PLANO CALLEXEIRO NO QUE FIGURA O ÁMBITO TERRITORIAL
NO QUE TEÑEN QUE ESTAR EMPADROADOS OS USUARIOS DO
APARCADOIRO PARA PODER ACOLLERSE AO RÉXIME DE “ABONADOS
RESIDENTES”**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo



Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 31 de 32

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO
DE VIGO



ANTERPROXECTO DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO
ABARRANCAMENTO PRAIA DO VIGO PARA O PLAN DE POTENCIAL
MUNICIPAL MUNICIPAL DO TERRITORIO
URBANO
CONCELLO DE VIGO
PLAN: PLAN DE POTENCIAL MUNICIPAL DO TERRITORIO
URBANO
DATA: 2015
ESCALA: 1:5000



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Aprobado en Xunta de Goberno do 30/09/2015

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 07/10/2015 10:42

Páxina 32 de 32

Código de verificación: 23EB3-2E5BE-D5A3C-BBA24